


Ademais, nos casos en que haxa troncos laterais dunha largura inferior a $B/5$, e co fin de evitar calquera efecto posible da escala, a lonxitude da avaría na zona dos troncos laterais non debe ser inferior a 25 mm.

3.3 No método de ensaio con modelo orixinal da Resolución 14, da Conferencia de 1995 sobre o Convenio SOLAS, non se considerou o efecto da escora inducida polo momento máximo producido por calquera concentración de pasaxeiros, a posta a flote de embarcacións de supervivencia, o vento e o xiro, a pesar de que tal efecto formaba parte do Convenio SOLAS. Non obstante, os resultados dunha investigación demostraron que sería prudente ter en conta estes efectos e aplicar ao modelo un ángulo de escora mínimo de 1° en dirección á avaría, por razóns prácticas. Cabe sinalar que a escora debida ao xiro non se considerou pertinente.

3.4 Nos casos en que nas condicións reais de carga exista unha marxe na altura GM, por comparación coa curva límite da altura GM (de conformidade co Convenio SOLAS 1990), a Administración poderá aceptar que se aproveite esta marxe no ensaio con modelo. En tales casos, debe axustarse a curva límite da altura GM.

Ese axuste pode realizarse do modo seguinte:



onde:

d_s é o calado de compartimentado; e
 d_{LS} é o calado do buque en rosca.

A curva axustada é unha liña recta entre a altura GM empregada para o ensaio con modelo no calado de compartimentado e a intersección da curva orixinal do Convenio SOLAS 1990 e o calado d .

4. Procedemento para os experimentos.

4.1 Espectro das ondas.

Débese utilizar o espectro JONSWAP, dado que este espectro describe o alcance do vento e a súa duración sobre unha extensión de mar limitada, o que corresponde a condicións máis frecuentes en todo o mundo. A este respecto, é importante non só que se verifique o período máximo do tren de ondas, senón tamén que o período no punto de cruzamento por cero sexa o correcto.

Prescríbese que en cada ensaio se rexistre e documente o espectro das ondas. Para iso, efectuaranse medicións na sonda máis próxima ao xerador de ondas.

Tamén se prescribe que o modelo estea dotado dos instrumentos necesarios para detectar e rexistrar os seus movementos (balance, oscilación vertical e cabeceo) e o seu comportamento (escora, afundimento e asentado).

Demostrouse que non é práctico establecer límites absolutos para a altura significativa das ondas, os períodos máximos e os períodos no punto de cruzamento por cero dos espectros de ondas do modelo; por tanto, introduciuse unha marxe aceptable.

4.2 Para evitar que o sistema de amarre afecte a dinámica do buque, o remolcador (ao cal está suxeito o sistema de amarre) debe seguir o modelo á súa velocidade de deriva real. Nun mar con ondas irregulares, a velocidade de deriva non será constante; unha velocidade de remolque constante someterá o modelo a oscilacións de deriva de grande amplitude e baixa frecuencia, o que pode afectar o comportamento do modelo.

4.3 Co fin de garantir a fiabilidade dos datos estatísticos, é necesario efectuar un número suficiente de ensaios con diferentes trens de ondas; é dicir, o obxectivo é determinar, cun alto índice de fiabilidade, que un buque que non é seguro naufragará nas condicións seleccionadas. Un número mínimo de 10 ensaios brinda un índice de fiabilidade razoable.

5. Criterios de conservación da flotabilidade.

Considérase que o contido deste punto non necesita explicación.

6. Aprobación dos ensaios.

Os seguintes documentos deben formar parte do informe para a Administración:

- cálculos de estabilidade con avaría para os casos de avaría máis desfavorable recollida no Convenio SOLAS e de avaría na parte central do buque (se son distintos);
- esquema da disposición xeral do modelo e os detalles sobre a súa construción e instrumentos;
- probos de estabilidade e medicións dos raios de xiro;
- espectros de ondas nominais e medidos (en tres localizacións distintas para ter unha visión representativa deles e, respecto dos ensaios con modelos, na sonda máis próxima ao xerador de ondas);
- registros representativos dos movementos, o comportamento e a deriva do modelo, e
- gravacións de vídeo pertinentes.

Nota: a Administración deberá ser testemuña de todos os ensaios.»

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

1915 REAL DECRETO 16/2006, do 20 de xaneiro, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas. («BOE» 32, do 7-2-2006.)

O Regulamento (CE) n.º 1433/2003, do 11 de agosto de 2003, polo que se establecen as disposicións de apli-

cación do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello naquilo que se refire aos programas e fondos operativos e á axuda financeira, substituíu o Regulamento (CE) n.º 609/2001, o cal substituíra, pola súa vez, o Regulamento (CE) n.º 411/97.

Co obxecto de desenvolver determinadas disposicións do Regulamento (CE) n.º 411/97 publicouse a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 14 de maio de 1997, pola que se regulan os programas e fondos operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, que foi modificada posteriormente por outras tres ordes ministeriais co obxecto de ter en conta a sucesiva entrada en vigor dos regulamentos (CE) n.º 609/2001 e 1433/2003. Estas ordes ministeriais foron a Orde do 11 de setembro de 2001, pola que se desenvolven e concretan determinados aspectos do Regulamento (CE) n.º 609/2001, da Comisión, do 28 de marzo, en relación cos programas e fondos operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas; a do 12 de decembro de 2002, pola que se modifica a do 11 de setembro de 2001 pola que se desenvolven e concretan determinados aspectos do Regulamento (CE) n.º 609/2001, da Comisión, do 28 de marzo, en relación cos programas e fondos operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, e a do 1 de outubro de 2003, pola que se desenvolven e concretan determinados aspectos do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, en relación cos programas e fondos operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, así como determinados aspectos do Regulamento (CE) n.º 1432/2003, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Co fin de unificar nun só real decreto as anteriores ordes ministeriais, así como clarificar certos aspectos dalgunhas delas, procede adoptar unha nova disposición normativa que desenvolva os aspectos dispositivos que o Regulamento (CE) n.º 1433/2003 deixa aos Estados membros.

Desta forma, o artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 establece que os Estados membros definirán as reducións que se lle deban aplicar ao valor facturado de produtos que se facturen en distintas fases de transformación ou subministración ou transporte. Procede, pois, determinar as devanditas reducións neste real decreto.

Pola súa parte, o artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 tamén determina que o valor da produción comercializada se calculará anualmente para un período de referencia de 12 meses que determinarán os Estados membros. Procede pois igualmente determinar este período de referencia neste real decreto.

Así mesmo, este artigo 4 tamén determina as disposicións que debe adoptar un Estado membro no caso de que o valor dun produto experimente unha redución por motivos alleos á responsabilidade e control da organización de produtores. Convén especificar neste real decreto as devanditas disposicións.

Igualmente procede neste sentido establecer disposicións neste real decreto relativas ao cálculo do valor da produción comercializada no caso das organizacións de produtores recoñecidas para produtos de transformación ou no caso de organizacións de produtores fusionadas.

O artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 tamén establece que os Estados membros deberán garantir que a xestión dos fondos operativos se efectúe de tal modo que os gastos e ingresos se poidan identificar e ser obxecto dunha intervención de contas e certificación anuais por parte de auditores externos. Resulta procedente determinar neste real decreto qué tipos de xestión

dos fondos operativos son admisibles para proporcionar a mencionada garantía.

O artigo 6 deste regulamento tamén determina qué formas de contribución financeira ao fondo operativo por parte da organización de produtores son admisibles. Convén igualmente neste caso especificar neste real decreto as disposicións adicionais que regulen estas formas de contribución.

O artigo 8 deste regulamento dispón os elementos que deben figurar nos programas operativos mentres que o artigo 9 expón os documentos que se lles deben xuntar aos devanditos programas operativos. Convén especificar con máis detalle neste real decreto os devanditos elementos e documentos.

O artigo 9 deste regulamento autoriza as asociacións de organizacións de produtores para presentaren e xestionaren programas operativos parciais que estarán compostos por accións incluídas nos programas operativos das organizacións de produtores integrantes. Ademais, este artigo prevé os requisitos que deben cumprir estes programas operativos parciais. Convén neste caso incluír neste real decreto as disposicións pertinentes para asegurar o cumprimento destes requisitos.

O artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 establece as condicións baixo as cales unha asociación de organizacións de produtores pode presentar un programa operativo parcial. Resulta, pois, procedente desenvolver neste real decreto estas condicións.

O parágrafo segundo do artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 faculta os Estados membros a pospoñeren a data límite de presentación de programas operativos establecida no seu parágrafo primeiro. Resulta necesario especificar neste real decreto a instancia competente para realizar a devandita posposición.

O parágrafo segundo do artigo 14.1 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 faculta os Estados membros a pospoñeren a data límite de presentación de modificacións de programas operativos establecida no seu parágrafo primeiro. Resulta necesario especificar neste real decreto a instancia competente para realizar a devandita posposición.

Os artigos 14 e 15 do citado regulamento tamén autorizan as organizacións de produtores para efectuaren modificacións nos seus programas operativos para anos posteriores e para o ano en curso respectivamente. Resulta procedente especificar neste real decreto as condicións baixo as cales se autorizarán as devanditas modificacións.

O punto 2 do anexo I do regulamento mencionado establece a produción experimental como acción elixible nos programas operativos e faculta os Estados membros para determinar os criterios da súa admisibilidade. Para este efecto, resulta conveniente fixar os devanditos criterios neste real decreto.

Así mesmo, este punto 2 do anexo I deste regulamento establece que os custos de xestión ambientais e as sementes, plantas e micelio certificados son accións elixibles para a súa inclusión en programas operativos permitíndolles aos Estados membros a fixación de tantos alzados para a súa determinación. Resulta procedente fixar estes tantos alzados neste real decreto así como o tipo de semente que é elixible.

O punto 4 do anexo I do propio Regulamento (CE) n.º 1433/2003 tamén estipula que os custos de persoal relativos a calidade, ambiente e comercialización son accións elixibles nos programas operativos e autoriza os Estados membros para determinaren os devanditos custos como unha cantidade global expresada como porcentaxe do fondo operativo aprobado. Convén, pois, especificar neste real decreto a devandita cantidade global.

O punto 17 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 permite os investimentos en explotacións individuais no marco do programa operativo e encoméndalles aos Estados membros a adopción de disposicións adecuadas para obteren o reembolso do investimento ou o seu valor residual en caso de que o afiliado cause baixa na organización. Procede, pois, especificar as devanditas disposicións neste real decreto.

Finalmente, o artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 establece que os Estados membros poderán adoptar as medidas complementarias en relación coas actuacións ou gastos que se poidan beneficiar de axudas no marco dos fondos e programas operativos. Neste sentido, convén establecer neste real decreto a autoridade competente na aprobación dos fondos e programas operativos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xaneiro de 2006,

DISPÓÑO :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto establece a normativa básica de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 da Comisión, do 11 de agosto de 2003, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello naquilo que se refire aos programas e fondos operativos, e á axuda financeira.

2. Este real decreto aplicaráselles ás organizacións de produtores recoñecidas de conformidade co artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, polo que se establece a organización común de mercados no sector de froitas e hortalizas, así como ás asociacións de organizacións de produtores recoñecidas segundo a normativa vixente.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

A «autoridade competente» será o órgano designado pola comunidade autónoma onde radique a sede social da organización de produtores, ou das asociacións destas, para a aprobación de programas operativos e as súas modificacións.

CAPÍTULO II

Valor da produción comercializada

Artigo 3. *Definición.*

1. Entenderase como valor da produción comercializada, en diante VPC, o valor da produción dos membros da organización de produtores, para a cal esta se encontra recoñecida, calculado segundo o disposto no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 e neste capítulo.

2. O importe dos produtos vendidos xustificarse mediante a chegada do correspondente extracto contable que o acredite nas condicións establecidas polos puntos 2 a 6 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, referidas exclusivamente a produtos procedentes dos

propios socios produtores e deducindo, de ser o caso, os importes recollidos no artigo 6 deste real decreto.

Todos os asentos contables estarán apoiados por facturas expedidas conforme o Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido e, cando estas non sexan exixibles, por recibos asinados, extractos bancarios ou outros xustificantes que acrediten suficientemente os importes recibidos da venda de produtos, os cales se deberán presentar, por requirimento da Administración, para a verificación regulada no punto 3.

O valor dos produtos comercializados a través doutra organización de produtores diferente a aquela a que pertence o produtor, por non corresponder ás actividades comerciais desta última, xustificarse mediante certificado da organización comercializadora.

3. O importe previsto no punto anterior será obxecto dunha verificación antes da data límite para efectuar o pagamento da correspondente axuda comunitaria ao fondo operativo que se recolle no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003.

Artigo 4. *Período de referencia.*

1. O período de referencia, mencionado no artigo 4.1 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, para determinar o VPC será o comprendido entre o 1 de xullo do ano anterior á comunicación do importe do fondo operativo e o 30 de xuño do ano en que se realiza a devandita comunicación.

2. Cando o valor dalgún ou dalgúns dos produtos dunha organización de produtores correspondente ao período de referencia experimentase unha redución, por motivos alleos á responsabilidade e control da organización de produtores, superior ao 35 por cento do valor do produto de que se trate no anterior período de referencia, considerarase como valor do devandito produto o correspondente á media dos dous períodos de referencia anteriores ou o 65 por cento do valor correspondente ao período de referencia anterior.

A opción por unha desas dúas alternativas para a fixación do importe dos valores de referencia realizarase por petición das organizacións de produtores, no momento da comunicación recollida no artigo 10 deste real decreto xunto cos documentos citados no punto 3 do punto B) do anexo I deste real decreto.

Artigo 5. *VPC de organizacións de produtores con produtos destinados á transformación.*

No caso de organizacións de produtores que destinen total ou parcialmente a súa produción á transformación, considerarase como valor dos devanditos produtos o correspondente á venda ao transformador, incluídas, de ser o caso, as axudas recibidas a que se refire o artigo 3.2 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003.

Artigo 6. *Reducións que se aplicarán para o cálculo do VPC.*

1. De acordo co disposto no último parágrafo do artigo 3.6 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, ao valor da produción facturada, comercializada pola organización de produtores, deberánse aplicar as seguintes reducións:

a) O importe dos gastos de transporte, de mercado-ría envasada e preparada para a venda, pagados a terceiros que figure na contabilidade da entidade.

b) O importe dos servizos profesionais de comisionistas e axentes mediadores independentes nas vendas.

c) O importe dos descontos sobre vendas por pronto pagamento.

d) O importe das devolucións de vendas.

e) O importe dos rappels e descontos aplicados nas operacións de vendas.

f) No caso de que a organización de produtores realice, total ou parcialmente, o transporte de mercadoría envasada e preparada para a venda con medios propios, un importe equivalente ao custo de amortización e utilización dos devanditos medios.

g) No caso de que a propia organización de produtores realice a transformación dos seus produtos, un importe equivalente ao custo de transformación.

h) No caso de organizacións de produtores que posúan filiais, e o seu VPC se vexa afectado polo disposto no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 1432/2003, da Comisión, do 11 de agosto de 2003, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2200/96, do Consello, no relativo ao recoñecemento das organizacións de produtores e ao recoñecemento previo das agrupacións de produtores, ao valor da produción facturada na fase de saída da filial deduciráselle o custo do transporte entre o centro de acondicionamento do produto e o de saída a través da filial.

Para poder aplicar as reducións previstas nas alíneas a), b), c), d) e e), será necesario que os importes correspondentes estean previamente contabilizados e que a redución se practique en consonancia cos respectivos asentos contables.

2. Nas organizacións de produtores situadas na Comunidade Autónoma de Canarias e na Comunidade Autónoma das Illes Balears, o custo do transporte interno entre o centro de envasado e o de distribución das devanditas organizacións cando este estea situado nos portos de saída formará parte do VPC.

Artigo 7. *VPC en caso de fusións ou absorcións de organizacións de produtores.*

No caso de fusións ou absorcións de organizacións de produtores e no suposto de que se recoñeza unha entidade de segundo ou ulterior grao como organización de produtores, precedido da perda da cualificación como organización de produtores das entidades asociadas á de segundo ou ulterior grao, o VPC será a suma dos VPC de cada unha das organizacións de orixe.

CAPÍTULO III

Fondos operativos

Artigo 8. *Xestión.*

A xestión dos fondos operativos deberase realizar mediante unha das dúas seguintes alternativas:

a) Mediante unha conta bancaria, única e exclusiva para a xestión do fondo operativo.

b) Mediante contas financeiras xestionadas pola organización de produtores en que a contabilización de cada operación se efectúe de tal modo que cada asento de gastos e ingresos relativos ao fondo operativo se poida identificar e sexa obxecto de certificacións anuais por parte de auditores externos, que deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Artigo 9. *Constitución e financiamento.*

1. A constitución dos fondos operativos, así como a súa forma de financiamento deberán ser aprobadas pola asemblea xeral, ou órgano equivalente, segundo a personalidade xurídica da organización de produtores.

2. A forma de financiamento dos fondos operativos adoptada polas organizacións de produtores deberá estar entre as establecidas polo artigo 6.2 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003.

3. Para os efectos do disposto no artigo 6.2 a) do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, entenderase por propios fondos calquera tipo de fondo ou recurso xerado pola organización de produtores procedente da venda de froitas e hortalizas dos membros da organización pertencentes á categoría para a cal está recoñecida, debidamente contabilizados.

Artigo 10. *Información e documentación que hai que presentar anualmente.*

As organizacións de produtores deberanlle comunicar á autoridade competente, antes do 15 de setembro, ao mesmo tempo que presentan, de ser o caso, os proxectos de programas operativos ou as solicitudes de modificación destes, a información e documentación contida no anexo I deste real decreto.

Artigo 11. *Financiamento de retiradas.*

O importe do fondo operativo destinado ao financiamento de retiradas deberá ter en conta que:

a) Os importes unitarios das compensacións por retiradas de produtos non incluídos no anexo II do Regulamento (CE) n.º 2200/96 non poderán superar as contías máximas fixadas no anexo II deste real decreto.

b) Os importes unitarios dos complementos das indemnizacións de retirada para os produtos incluídos no anexo II do Regulamento (CE) n.º 2200/96 non poderán superar os límites máximos establecidos no anexo II do Regulamento (CE) n.º 103/2004, da Comisión, do 21 de xaneiro de 2004, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2200/96, do Consello, naquilo que atinxe o réxime de intervencións e de retiradas do mercado no sector das froitas e hortalizas.

CAPÍTULO IV

Aprobación dos programas operativos

Artigo 12. *Presentación.*

1. As organizacións de produtores presentarán, para a súa aprobación, os proxectos de programas operativos ante a autoridade competente antes do 15 de setembro do ano anterior ao inicio da súa aplicación.

2. As entidades que agrupen produtores de froitas e hortalizas, e que presenten unha solicitude de recoñecemento como organización de produtores en virtude do Regulamento (CE) n.º 2200/96, poderán presentar, simultaneamente, un proxecto de programa operativo para a súa aprobación. Non obstante, a súa aprobación estará condicionada á obtención do recoñecemento con anterioridade á data límite de aprobación dos programas operativos.

Artigo 13. *Formato e contido.*

1. A presentación de proxectos de programas operativos deberase realizar nun documento único, axustado á estrutura establecida no anexo III deste real

decreto e os elementos necesarios para que a autoridade competente poida efectuar as comprobacións establecidas polo artigo 12 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003.

2. Os proxectos de programas operativos deberán ir acompañados da documentación descrita no anexo IV deste real decreto.

Artigo 14. *Producción experimental.*

1. A produción experimental, como unha medida ou acción do programa operativo, só se poderá aprobar na medida en que se presente un protocolo sobre a experimentación que se vaia realizar, e se dispoña de persoal cualificado que se encargue dela.

2. Non obstante, os gastos correspondentes non poderán supoñer anualmente máis do trinta por cento do importe do fondo operativo aprobado e efectivamente executado, salvo no caso de asociacións de organizacións de produtores ou accións comúns de organizacións de produtores en que non se establece ningún límite.

3. A autoridade competente poderá aprobar o financiamento a través dos fondos operativos dos seguintes conceptos de gasto:

- a) Investimentos en instalacións ou predios piloto.
- b) Persoal cualificado dedicado á acción en exclusiva, ou xustificado con control horario. O custo correspondente será independente do previsto no artigo 15 b) deste real decreto.
- c) Material non funxible de laboratorio.
- d) Contratacións externas con centros de investigación.
- e) Adquisición de sementes ou chantóns que sexan o obxecto da experimentación, os cales non estarán suxeitos ás disposicións previstas no artigo 15.1 a) deste real decreto.
- f) Outros gastos en función das características da acción experimental e do grao de innovación e o risco que entraña esta.

Artigo 15. *Custos unitarios.*

1. Os programas operativos poderán incluír, como conceptos de gasto, os seguintes custos unitarios a tanto global alzado:

a) Utilización de micelio, plantas certificadas e sementes definidas como «certificada» ou «de base» na Directiva 2002/55/CEE do Consello, do 13 de xuño de 2002, referente á comercialización de sementes de plantas hortícolas: 60 por cento do seu valor, limitado ao 35 por cento do fondo operativo aprobado, e efectivamente executado.

Os programas operativos que se encontren en estado de execución en 1 de xaneiro de 2004 e que tivesen aprobado como concepto de gasto a adquisición de semente certificada, só poderán financiar a través dos fondos operativos sementes subministradas por provedores inscritos no Rexistro de produtores do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, nos rexistros de importadores ou comercializadores das comunidades autónomas. O importe aprobado para este concepto no programa operativo non poderá ser obxecto de aumento.

b) Custo da xestión ambiental de envases reciclables e reutilizables: 17 por cento do custo de adquisición, ou do custo do aluguer nos envases reutilizables, limitado ao 35 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

A parte do fondo operativo aprobado e realmente executado destinada ao conxunto dos custos específicos

referidos nas dúas letras anteriores non poderá superar o 50 por cento deste.

2. Os programas operativos tamén poderán incluír, como conceptos de gasto, os custos de persoal derivados da aplicación de medidas para mellorar ou manter un elevado nivel de calidade ou de protección ambiental, ou para mellorar o nivel de comercialización. Estes custos de persoal poderanse:

- a) Xustificar debidamente mediante os gastos reais.
- b) Expresar como un importe a tanto alzado que non poderá superar o 14 por cento do importe total do fondo operativo aprobado. No caso de utilizar este tanto alzado, deberanse especificar as tarefas que ten que executar o persoal correspondente e o seu desenvolvemento deberase xustificar para poder percibir a axuda comunitaria.

As opcións descritas nos anteriores parágrafos serán excluíntes.

Artigo 16. *Custos externos adicionais.*

A inclusión dos custos externos adicionais derivados da realización do transporte marítimo ou por ferrocarril en substitución do transporte por estrada a que se refire o punto 6 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1433/03 estará condicionada á xustificación de que se realízase o transporte por estrada en campañas anteriores e á xustificación da diferenza de custos.

Artigo 17. *Modificacións dos programas operativos relativas a anualidades non comezadas.*

1. Todos os anos, no prazo establecido no artigo 14.1 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, as organizacións de produtores poderán solicitar ante a autoridade competente as modificacións, aplicables a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

2. As modificacións que poderá aprobar a autoridade competente serán as seguintes:

- a) Inclusión e supresión de medidas, accións, investimentos ou conceptos de gasto.
- b) Ampliación da duración do programa, ata un total de cinco anos.
- c) Redución da duración do programa, condicionada a que a duración total sexa, como mínimo, de tres anos.
- d) Cambios de localización ou de titulares dos investimentos ou accións aprobadas.
- e) Calendarios de execución ou financiamento dos investimentos ou conceptos de gasto, incluíndo o traslado a un programa operativo posterior do financiamento, cando o seu período de amortización sexa superior á duración do programa, estea economicamente xustificado, e o período de depreciación fiscal sexa superior a cinco anos.
- f) Variación do orzamento dos investimentos ou conceptos de gasto aprobados.
- g) Forma de financiamento ou xestión dos fondos operativos, incluíndo, de ser o caso, o cambio de conta bancaria específica.
- h) Modificación relevante do programa, cando concorran cambios substanciais na situación do mercado ou da propia organización de produtores, a xuízo da autoridade competente.
- i) Fusión de programas en execución, motivada pola fusión ou absorción de organizacións de produtores, ou por recoñecemento dunha entidade de segundo ou ulterior grao como organización de produtores, precedida da perda da cualificación de organización de pro-

dutores das entidades asociadas á de segundo ou ulterior grao. O programa operativo resultante terá unha duración de entre tres e cinco anos e comezará a executar o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da fusión, absorción ou recoñecemento da entidade de segundo ou ulterior grao.

Non obstante, a organización de produtores resultante da devandita fusión, absorción ou constitución doutra entidade de segundo ou ulterior grao deberá executar os programas operativos aprobados previamente ás entidades de base ata o 31 de decembro do ano en curso, e proceder á execución do novo programa operativo o 1 de xaneiro do ano seguinte.

3. As solicitudes de modificacións deberán ir acompañadas da documentación contida no anexo V deste real decreto.

Artigo 18. *Modificacións dos programas operativos durante a anualidade en curso.*

1. Durante o ano en curso, as organizacións de produtores poderán realizar as seguintes modificacións que afecten a anualidade en curso do programa, sempre que se cumpran as condicións establecidas no punto 2:

a) Execución parcial da anualidade do programa operativo.

b) Adianto ou atraso da execución ou financiamento das accións, investimentos ou conceptos de gasto aprobados.

c) Variación do orzamento dos investimentos ou conceptos de gasto aprobados, tendo en conta que non se considerará modificación a variación do orzamento dos investimentos ou conceptos de gasto se o orzamento total da acción en que están encadrados non experimenta unha variación superior ao 20 por cento.

d) Cambios de localización ou de titulares de investimentos aprobados.

e) Variación do importe do fondo operativo para o financiamento de retiradas, sempre que se respecte o disposto no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

f) Ampliación da duración do programa, ata unha duración total máxima de cinco anos. Neste caso, a organización de produtores deberá solicitar a aprobación das novas anualidades do programa operativo resultante, antes do 15 de setembro, e comunicarlle á autoridade competente o importe previsto do fondo operativo correspondente á anualidade seguinte, tamén antes do 15 de setembro.

g) Redución da duración do programa operativo aprobado, suxeita a que a duración total sexa como mínimo de tres anos e a que o programa operativo resultante siga cumprindo as condicións previstas no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

h) A forma de financiamento ou a xestión do fondo operativo, incluíndo, de ser o caso, o cambio de conta bancaria específica.

i) Modificación do importe do fondo operativo dentro do límite do 20 por cento do aprobado sempre que non se supere o límite máximo de axuda comunitaria pola constitución do devandito fondo, establecida no artigo 15.5 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

As organizacións de produtores poderán ampliar os investimentos ou conceptos de gasto previstos para a súa execución no ano, adiantar os previstos para anos posteriores, ou ampliar o importe previsto do fondo destinado a retiradas, sempre que se respecten os límites e as condicións establecidos no Regulamento (CE) n.º 2200/96.

A diminución do fondo operativo por debaixo do 80 por cento do importe inicialmente aprobado poderase

xustificar, en particular, por se levaren a cabo as modificacións previstas nas alíneas a) e e) deste punto.

j) Inclusión de novos investimentos ou conceptos de gastos dentro do marco de accións aprobadas.

2. As modificacións contidas nas alíneas a), b), c), d), f), g), h) e as da e) e i) do punto anterior que non supoñan un incremento do importe do fondo operativo destinado a retiradas, poderanse realizar sen autorización previa sempre que llas comunique sen demora a organización de produtores á autoridade competente 15 días hábiles antes da súa execución.

Malia o disposto no parágrafo anterior, as modificacións recollidas nas alíneas e) e i), que supoñan un incremento do importe do fondo operativo destinado a retiradas, e as recollidas na letra j) do punto anterior precisarán a aprobación previa por parte da autoridade competente e, polo tanto, deberase solicitar a súa aprobación antes da súa execución, admitíndose o fax para iso, especificando, de ser o caso, as accións cuxo orzamento se puidese ver reducido.

3. Ademais das comunicacións e solicitudes anteriormente mencionadas, as organizacións de produtores deberán realizar unha comunicación resumo con todas estas modificacións, como máis tarde o 31 de decembro, ante a autoridade competente.

A devandita autoridade adoptará unha decisión sobre elas antes do 31 de xaneiro do ano seguinte.

4. As solicitudes de modificacións deberán ir acompañadas da documentación contida no anexo V deste real decreto.

Artigo 19. *Aprobación das modificacións dos programas operativos recollidas nos artigos 17 e 18.*

Para que a autoridade competente poida aprobar as modificacións solicitadas, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Teren sido presentadas nos prazos establecidos para iso.

b) O programa resultante, unha vez incluídas as modificacións, deberá cumprir o establecido no artigo 15.4 a) do Regulamento n.º (CE) 2200/96 en canto a obxectivos, e manter accións que garantan o cumprimento das letras b) e c) do mesmo punto.

c) Teren sido aprobadas pola asemblea xeral ou órgano similar competente da organización de produtores ou polo órgano en que esta delegase esta función.

Non obstante, as modificacións recollidas nos artigos 17.2 g) e 18.1 h) deste real decreto requirirán obrigatoriamente aprobación previa por parte da asemblea xeral da organización de produtores ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica.

d) Iren acompañadas da documentación e información contida no anexo V deste real decreto.

e) No caso das modificacións durante o ano en curso e que exixan autorización previa, a decisión sobre as solicitudes deberase adoptar dentro dos 10 días naturais seguintes ao da recepción da solicitude. A ausencia da devandita decisión no dito prazo suporá que queda aprobada, sempre que se cumpra o disposto no artigo 18 deste real decreto e que:

1.º O importe do fondo operativo correspondente ao ano en curso, tras a aprobación de todas as modificacións presentadas durante o devandito ano, non supere un 20 por cento do inicialmente aprobado.

2.º Se respecten os límites establecidos nos artigos 15 e 23 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

3.º A redución, de ser o caso, de execución de accións respecte a obtención dos obxectivos previstos no artigo 15.4 a) do Regulamento (CE) n.º 2200/96 e as

medidas e necesidades financeiras recollidas nas letras b) e c) do mesmo artigo.

4.º No caso das modificacións recollidas no artigo 18.1 j), os novos investimentos ou conceptos de gastos sexan elixibles de acordo co disposto neste real decreto e no Regulamento (CE) n.º 1433/2003.

Artigo 20. Destino dos reembolsos provenientes dos socios que causen baixa nas organizacións de produtores.

1. As organizacións de produtores, no momento da comunicación do importe previsto do fondo operativo para o ano seguinte, deberán comunicar o importe dos reembolsos efectuados polos socios da súa organización, con motivo de que causasen baixa nesta e se realizen investimentos nas súas explotacións dentro do marco dos programas operativos.

2. O devandito importes terán o seguinte destino:

a) O 50 por cento deberá quedar á disposición da organización de produtores en cuestión.

b) O 50 por cento restante reintegrarallo a organización de produtores ao organismo pagador previsto no Real decreto 2320/2004, do 17 de decembro, polo que se regulan determinadas competencias en relación coa axuda económica comunitaria ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo, en concepto de devolución de axuda comunitaria.

CAPÍTULO V

Programas operativos parciais presentados por asociacións de organizacións de produtores

Artigo 21. Autorización da presentación de programas operativos parciais por parte das asociacións de organizacións de produtores.

1. Unha asociación de organizacións de produtores de froitas e hortalizas poderá presentar programas operativos parciais se se verifica que se cumpren as seguintes condicións:

a) A asociación de organizacións de produtores está recoñecida segundo a regulamentación vixente.

b) A asociación de organizacións de produtores en cuestión debe estar composta exclusivamente por organizacións de produtores recoñecidas en virtude do artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2200/96 e, de ser o caso, por outras entidades cuxo fin social non sexa a produción ou comercialización de froitas e hortalizas.

c) No caso das asociacións de organizacións de produtores que teñan membros cuxo fin social non sexa a produción ou comercialización de froitas e hortalizas, estas disporán dunha sección ou grupo de produtores integrada exclusivamente polos membros que teñan a condición de organización de produtores en virtude do artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2200/96. Todas as decisións que afecten o programa operativo parcial serán tomadas pola mencionada sección ou grupo de produtores e, posteriormente, presentadas para ratificación ou rexeitamento, pero non modificación, pola asemblea xeral, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, da asociación de organizacións de produtores.

d) Os programas operativos parciais non conterán investimentos en sementes, micelio ou plantas certificadas ou custos de xestión ambiental de envases reciclables ou reutilizables que non formen parte dunha acción experimental.

2. Todas as organizacións de produtores que teñan aprobado un programa operativo individual deberán participar no programa operativo parcial. Os devanditos programas operativos parciais terán unha duración de entre tres e cinco anos.

Artigo 22. Presentación e aprobación de programas operativos parciais por asociacións de organizacións de produtores.

1. As asociacións de organizacións de produtores presentarán, para a súa aprobación pola autoridade competente, os proxectos de programas operativos parciais, antes do 15 de setembro. A devandita presentación deberase axustar ao disposto nos anexos VI e VII.

2. As organizacións de produtores deberán solicitar a modificación dos seus programas operativos a que se refire o artigo 17.1 deste real decreto ou, de ser o caso, a aprobación dos seus programas operativos a que se refire o artigo 12.1 deste real decreto, co obxecto de incluír nos devanditos programas operativos a súa participación no programa operativo parcial.

3. A autoridade competente comunicarlles ás asociacións de organizacións de produtores as resolucións relativas á aprobación dos seus programas operativos parciais antes do 15 de decembro do ano da súa presentación, coa posibilidade de alongar a devandita data ata o 20 de xaneiro seguinte por causas debidamente xustificadas.

4. A resolución de aprobación do programa operativo parcial estará supeditada á aprobación dos programas operativos individuais das organizacións de produtores participantes ou, de ser o caso, da modificación dos programas operativos individuais, polo cal se requirirá que nos devanditos programas operativos individuais figuren os importes anuais destinados ao programa operativo parcial.

Nas resolucións dos programas operativos individuais figurará o importe anual correspondente á participación no programa operativo parcial.

No caso de que algún ou algúns dos mencionados programas operativos individuais non fose aprobado, adaptarase en consecuencia o programa operativo parcial como modificación do ano en curso de forma que se manteñan no resto de programas operativos individuais os importes inicialmente previstos de participación no devandito programa operativo parcial.

Artigo 23. Financiamento e execución dos programas operativos parciais.

1. A asociación de organizacións de produtores, antes do 15 de setembro de cada ano, comunicarlle á autoridade competente o importe da anualidade do programa operativo parcial que se aplicará durante o ano seguinte. A devandita comunicación conterá os seguintes elementos:

a) Achega en valor absoluto e en valor relativo de cada organización de produtores participante.

b) Xustificación do cálculo dos importes das devanditas achegas. Para este efecto, a asociación de organizacións de produtores deberalle remitir á autoridade competente un certificado do secretario da asociación polo cal se acredite que as devanditas achegas as aprobou a asemblea xeral da asociación, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, así como o cálculo realizado.

2. As achegas anuais das organizacións de produtores ao financiamento do programa operativo parcial deberán proceder dos fondos operativos aprobados ás organizacións de produtores para as anualidades corres-

pondentes e serán xestionadas nunha conta bancaria única e exclusiva a nome da asociación. Para estes efectos, nos programas operativos das organizacións de produtores deberá figurar unha medida ou acción denominada «Programa operativo parcial da asociación.».

3. A asociación de organizacións de produtores executará as accións aprobadas no marco do programa operativo parcial e será a titular dos investimentos que conteña este así como das responsabilidades que deriven da devandita titularidade.

Artigo 24. *Modificacións dos programas operativos parciais relativas a anualidades non comezadas.*

1. Todos os anos, antes do 15 de setembro, as asociacións de organizacións de produtores poderán solicitar ante a autoridade competente as modificacións sobre os programas operativos parciais aprobados pola devandita autoridade, que se apliquen a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

2. Para este efecto, as organizacións de produtores deberán solicitar a modificación dos seus programas operativos, a que se refire o artigo 17.1 deste real decreto ou, de ser o caso, a aprobación dos seus programas operativos, a que se refire o artigo 12.1 deste real decreto, que recollerán a modificación do programa operativo parcial.

3. As modificacións mencionadas no punto 1 deste artigo serán as seguintes:

a) As previstas no artigo 17.2 a), b), c) e f) deste real decreto.

b) Cambios de localización dos investimentos. A este respecto deberase achegar a nova identificación xeográfica, mediante sistema SIXPAC ou, no seu defecto, mediante referencia catastral, dos investimentos.

c) Forma de financiamento do programa operativo parcial segundo o descrito no artigo 23.1 deste real decreto. Neste caso deberase achegar a información descrita nas letras a) e b) dese artigo.

d) Calendarios de execución ou financiamento dos investimentos ou conceptos de gasto no marco da duración do programa operativo parcial.

4. A aprobación das modificacións solicitadas en virtude do punto 2 deste artigo estará supeditada:

a) Á petición por parte das organizacións de produtores que participan no devandito programa operativo parcial, da correspondente inclusión deste no seu programa operativo individual.

b) Á aprobación por parte da autoridade competente da devandita inclusión.

5. No caso de que algún ou algúns dos mencionados programas operativos individuais non fose aprobado ou, de ser o caso, non fose aprobada a súa modificación, adaptarase en consecuencia o programa operativo parcial como modificación do ano en curso de forma que se manteñan no resto de programas operativos individuais os importes inicialmente previstos de participación no devandito programa operativo parcial.

Artigo 25. *Modificacións dos programas operativos parciais durante a anualidade en curso.*

1. Durante o ano en curso as asociacións de organizacións de produtores poderán realizar as seguintes modificacións que afecten a devandita anualidade do programa operativo parcial, nas condicións establecidas no punto 2 deste artigo:

a) Adianto ou atraso da execución das accións, investimentos e/ou conceptos de gasto aprobados.

b) Modificación do orzamento dos investimentos ou conceptos de gasto aprobados sempre que non varíe o importe total do programa operativo parcial.

c) Cambios de localización dos investimentos aprobados. A este respecto deberase achegar a identificación destes mediante sistema SIXPAC ou, no seu defecto, mediante referencia catastral.

d) Inclusión de novos investimentos ou conceptos de gasto en accións previamente aprobadas, sempre que non varíe o importe total do programa operativo parcial.

e) Modificacións de adaptación en virtude do disposto no último parágrafo do artigo 22.5 e do artigo 24.5 deste real decreto.

2. As modificacións establecidas no punto 1 deste artigo poderanse realizar sen autorización previa sempre que lle sexan comunicadas, sen demora, pola asociación de organizacións de produtores á autoridade que aprobou o programa operativo parcial quince días hábiles antes da súa execución.

Ademais da comunicación mencionada no primeiro parágrafo deste punto, as asociacións de organizacións de produtores deberán realizar unha comunicación resumo destas modificacións antes do 31 de decembro, ante a autoridade que aprobou o programa. A autoridade competente emitirá antes do 31 de xaneiro do ano seguinte unha resolución que conteña a anualidade do programa operativo parcial resultante das modificacións que, de ser o caso, se aproben.

Artigo 26. *Aprobación das modificacións dos programas operativos parciais recollidas nos artigos 24 e 25.*

Para que as modificacións solicitadas poidan ser aprobadas deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Teren sido presentadas nos prazos establecidos para iso.

b) Os programas operativos resultantes de cada unha das organizacións de produtores que participan no programa operativo parcial deberán manter, sen ter en conta o devandito programa operativo parcial, os obxectivos recollidos no artigo 15.4 a) do Regulamento (CE) n.º 2200/96, e incluír accións que garantan o cumprimento das letras b) e c) do devandito punto.

c) Teren sido aprobadas pola asemblea xeral ou órgano similar competente da asociación de organizacións de produtores ou polo órgano en que esta delegase esta función. As modificacións recollidas no artigo 24.3 c) e no artigo 25.1 e) deste real decreto requirirán obrigatoriamente aprobación previa por parte da asemblea xeral ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, da asociación de organizacións de produtores.

d) Iren acompañadas de xustificantes nos cales se expoñan os motivos, natureza e consecuencia delas, de acordo co establecido polo artigo 14.2 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003.

CAPÍTULO VI

Coordinación entre comunidades autónomas

Artigo 27. *Coordinación na aprobación e control dos programas operativos e as súas modificacións.*

1. Cando o ámbito das organizacións de produtores sexa superior ao dunha comunidade autónoma, as devanditas organizacións de produtores presentarán

ante as autoridades competentes tantas copias do programa operativo como comunidades autónomas estean implicadas territorialmente nas súas accións.

2. No prazo de 30 días contados desde o 15 de setembro, a autoridade competente na aprobación deste programa operativo poderá requirir das autoridades competentes das comunidades autónomas mencionadas no anterior parágrafo, a información necesaria para proceder á emisión da decisión a que se refire o artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003. En particular, esta información poderase referir a:

a) No caso de investimentos encadrados no programa operativo, os correspondentes informes que acrediten que os devanditos investimentos non se iniciaron antes do primeiro de xaneiro seguinte ao da presentación do devandito programa operativo.

b) Que os devanditos investimentos cumpren coas condicións establecidas polo artigo 37 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos. Isto, con respecto aos correspondentes programas de desenvolvemento rural de cada unha das comunidades autónomas afectadas, en particular en canto aos criterios que determinan a fonte de financiamento dos investimentos mediante fondos de desenvolvemento rural ou fondos procedentes da Organización Común do Mercado de Froitas e Hortalizas Frescas.

3. As autoridades competentes das comunidades autónomas onde se realicen os investimentos proporcionarán a información solicitada no prazo de 30 días naturais a partir da recepción da devandita solicitude.

Transcorrido este prazo sen que a comunidade autónoma competente para a aprobación do programa recíbese esta información, estará lexitimada para adoptar a decisión que proceda.

4. Para os efectos de control e verificación dos fondos comunitarios utilizados nos programas operativos, e en particular naquilo que se refire ao control de dobre financiamento dos investimentos, a autoridade competente deberalles comunicar a resolución de aprobación dos programas operativos das organizacións de produtores de ámbito superior a unha comunidade autónoma á comunidade ou comunidades autónomas onde se vaian levar a cabo as medidas, accións e investimentos ou conceptos de gasto especificando, de ser o caso, a identificación das parcelas mediante o sistema SIXPAC ou, no seu defecto, mediante referencia catastral, en que se efectúen, ben sexan comúns ben se efectúen en explotacións de socios individuais, e indicando ademais neste último caso o nome, razón social, DNI ou NIF destes.

5. As disposicións previstas nos puntos 1, 2, 3 e 4 deste artigo serán de aplicación ás modificacións dos programas operativos reguladas polos artigos 17 e 18 deste real decreto.

Artigo 28. *Coordinación na aprobación e control dos programas operativos parciais e as súas modificacións.*

1. A autoridade competente para a aprobación do programa operativo parcial comunicaralles á ou ás autoridades competentes para a aprobación dos correspondentes programas operativos individuais das organizacións de produtores participantes no programa operativo parcial a resolución de aprobación do programa opera-

tivo parcial. Esta comunicación realizarase antes do 16 de novembro.

Se se aplicase o disposto no último parágrafo do artigo 22.5 deste real decreto, a autoridade competente para a aprobación do programa operativo parcial comunicaralles á ou ás autoridades competentes para a aprobación dos correspondentes programas operativos individuais a resolución de adaptación do programa operativo parcial. Esta comunicación realizarase dentro de 30 días contados desde o 15 de decembro.

2. En ausencia das comunicacións reguladas no punto anterior, a autoridade competente para a aprobación dos programas operativos individuais poderá tomar a decisión que proceda.

3. As disposicións previstas nos puntos anteriores serán de aplicación ás modificacións dos programas operativos parciais regulados polos artigos 24 e 25 deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Adaptación dos programas operativos en curso ás disposicións previstas no artigo 13.*

Os programas operativos que se encontren en execución no momento da entrada en vigor deste real decreto deberán adaptar a súa estrutura en canto a distribución en medidas, accións e investimentos ou conceptos de gasto antes do 1 de xaneiro de 2007.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as ordes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 14 de maio de 1997, do 11 de setembro de 2001, do 12 de decembro de 2002 e do 1 de outubro de 2003.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto, así como para modificar os anexos co fin de adaptalos á normativa comunitaria e modificar as datas establecidas neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 20 de xaneiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Información e documentación que hai que remitir anualmente xunto coa comunicación prevista no artigo 10A) *Datos xerais da entidade*

Entidade:

Anualidade do programa que se financiará:

Programa operativo a que pertence: 200..... a 200.....

N.º de anualidade de fondos operativos da entidade:

B) *Documentación que hai que remitir*

1. Certificado do secretario da organización de produtores en que se faga constar que a constitución do fondo operativo anual, as disposicións para a súa provisión e, de ser o caso, o método de cálculo das contribucións financeiras dos socios, foron aprobados pola asemblea xeral ou órgano equivalente en función da personalidade xurídica. O devandito certificado deberá conter o importe do fondo operativo que se vaia constituir na anualidade que comeza o 1 de xaneiro seguinte, indicando os importes que se prevén destinar:

Á realización do programa operativo.
 Á administración do propio fondo.
 Ao financiamento de retiradas do mercado.

2. Certificado onde figure o VPC da organización de produtores, calculado segundo o disposto no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003 e o capítulo II deste real decreto. O devandito certificado deberá especificar:

No caso de que a organización de produtores realice o transporte da mercadoría envasada e preparada para a venda con medios propios, o cálculo realizado para obter o importe a tanto alzado equivalente ao custo de amortización e utilización dos devanditos medios, que foi deducido do VPC.

No caso de que a organización de produtores realice a transformación de toda ou parte da súa produción, o cálculo do custo de transformación que foi deducido do VPC.

3. No caso de que o valor dalgún ou dalgúns dos produtos experimentase unha redución por motivos alleos á responsabilidade e control da organización e se acollan ao punto 3 do artigo 4 deste real decreto, deberá presentarse:

a) Certificado do secretario da organización en que se inclúan os valores de cada produto correspondentes ao período de referencia mencionado no primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 4 deste real decreto e, de ser o caso, aos dous períodos de referencia anteriores a este, e

b) Informe sobre os feitos que motivaron o descenso do valor do produto, demostrando, en particular, que o devandito descenso non se debeu a diminucións de efectivos produtivos.

4. Certificado da entidade comercializadora do valor dos produtos procedentes de socios dunha organización en caso de aplicación do parágrafo segundo do punto 2 do artigo 3 deste real decreto.

ANEXO II

Compensacións máximas de retirada

| Produto | Compensación (€/Kg) |
|------------------|---------------------|
| Allo | 42,28 |
| Alcachofa | 16,31 |
| Apio | 10,87 |
| Brócoli | 12,68 |
| Cabaciña | 10,87 |
| Cabaza | 10,87 |
| Cebola | 6,04 |
| Cereixa | 54,36 |
| Ameixa | 20,53 |
| Escarola | 12,68 |
| Espárrago | 60,40 |
| Amorodo | 39,26 |
| Feixón | 39,26 |
| Leituga | 12,68 |
| Cogombro | 12,68 |
| Pemento | 22,95 |
| Porro | 14,50 |
| Repolo/col | 10,87 |
| Cenoria | 6,04 |
| Caqui | 18,00 |
| Néspera | 40,00 |
| Champiñón | 60,40 |

ANEXO III

Estrutura a que se deben axustar os proxectos de programas operativos1. *Identificación da entidade solicitante*

- a) Razón social:
- b) Domicilio social:
- c) Teléfono:
- d) Fax:
- e) Correo electrónico:
- f) CIF:
- g) Persoa de contacto e teléfono:
- h) Tipo de organización de produtores da entidade a que pertence o proxecto de programa:

Autonómica.

Ámbito superior a unha comunidade autónoma.
 Comunidades autónomas en que posúe efectivos produtivos:

Transnacional. Estados membros en que posúe efectivos:

i) Situación de recoñecemento polo artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2200/96:

Con recoñecemento previo polo artigo 14, tendo solicitado o recoñecemento polo artigo 11:

Con recoñecemento definitivo polo artigo 11, indicando os seguintes datos:

N.º de rexistro:

Data de recoñecemento:

Categoría de recoñecemento:

Ámbito xeográfico por comunidades autónomas:

N.º de socios actuais:

Efectivos produtivos actuais (superficie total e producións totais por especie):

Con petición de recoñecemento polo artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

2. *Descrición da situación partida da entidade*

a) En canto aos efectivos produtivos da entidade:

Superficies de cultivo por especies, comunidades autónomas e Estados membros.

Volumes de produción por especies, comunidades autónomas e Estados membros.

Actuacións que xa desenvolve a organización de produtores no ámbito da obtención da produción.

b) En canto á comercialización da produción dos socios:

Descrición do proceso comercial.

Actuacións que xa desenvolve a organización de produtores neste ámbito.

c) En canto á infraestrutura:

Descrición das instalacións á disposición dos socios, indicando se son en propiedade, arrendadas ou con contrato de servizos.

Medios humanos.

Equipo administrativo.

3. *Duración e obxectivos perseguidos polo proxecto de programa operativo*

Deberanse especificar detalladamente os obxectivos que se van perseguir, tendo especialmente en conta o disposto na letra a) do punto 4 do artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

4. *Medidas desagregadas por accións e accións desagregadas en investimentos e conceptos de gasto a realizar para alcanzar os obxectivos fixados*

Para cada acción, investimento e concepto de gasto previstos deberán presentar:

Descrición detallada destes.

Comunidade autónoma onde se vai levar a cabo.

Obxectivos da súa realización de entre os enumerados no punto 4 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

Medios humanos e materiais necesarios para a súa realización.

Orzamento detallado por unidades de obra.

Xustificación da necesidade da súa realización.

Calendarios de execución e de financiamento.

Polo menos para a primeira anualidade do programa operativo:

Identificación xeográfica mediante o sistema SIXPAC ou, no seu defecto, mediante referencia catastral das parcelas en que vaian realizar as medidas.

Se se realizan medidas de mellora en explotacións individuais, os beneficiarios destas, indicando o nome ou razón social e o NIF.

5. *Aspectos financeiros*

a) Calendario de realización das medidas, accións, investimentos e conceptos de gasto, por anos.

b) Calendario de financiamento das medidas, accións, investimentos e conceptos de gasto, por anos.

ANEXO IV

Documentación que se lles debe xuntar aos proxectos de programas operativos

1. Compromiso da organización de produtores de cumprir as disposicións dos regulamentos (CE) 2200/96 e 1433/03 e da normativa nacional aplicable.

2. Compromiso da organización de produtores e, de ser o caso, de cada un dos afiliados en cuxas explotacións se vaian realizar investimentos con cargo ao programa operativo, de non se acoller, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo.

3. Un certificado do secretario da organización de produtores en que conste que o proxecto de programa operativo, a constitución e o financiamento dos fondos operativos anuais e, en particular, as disposicións para a provisión dos devanditos fondos e, de ser o caso, o método de cálculo das contribucións financeiras dos socios foron aprobados por asemblea xeral ou órgano equivalente da organización en función da súa personalidade xurídica. O devandito certificado deberá especificar:

a) As liñas directrices do proxecto de programa, especificando medidas e accións que se vaian desenvolver.

b) Modalidade que se vai utilizar para xestionar o fondo operativo, de entre as previstas no artigo 8 deste real decreto e forma de financiamento deste de acordo co artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003.

4. Se se escolle a opción contida na letra a) do punto 1 do artigo 8 deste real decreto, débese achegar ademais certificado da entidade financeira depositaria da conta bancaria para o movemento exclusivo do fondo con indicación da súa sucursal, o número de conta e a denominación desta: «Fondo operativo da organización de produtores... (denominación da organización)».

5. Se o financiamento dos correspondentes fondos operativos se acolle ao disposto nas letras a) ou b) do primeiro parágrafo do segundo punto do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, a xustificación de que:

a) Todos os produtores realizarán unha contribución ao fondo operativo. Esta xustificación non será necesaria se o fondo operativo, en virtude da letra a) do primeiro parágrafo do segundo punto do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, se nutre total ou parcialmente cos propios fondos da organización de produtores.

b) Todos os produtores tiveron a oportunidade de se beneficiar da aplicación do fondo operativo. Para este efecto requirirase certificado da acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que se debe reflectir que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

c) Todos os produtores tiveron a oportunidade de participar democraticamente nas decisións relacionadas coa utilización dos fondos da organización de produtores e coas contribucións financeiras aos fondos operativos. Para este efecto, entenderase que se dá cumprimento a este precepto cando se achegue convocatoria da asemblea xeral da organización de produtores, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que figure como punto específico a discusión e aprobación do programa operativo.

6. En caso de que se aprobase o financiamento total ou parcial dos fondos operativos mediante os fondos previstos na letra a) do punto 2 do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, o compromiso escrito de que procederán, exclusivamente, das vendas de froitas e hortalizas procedentes dos socios para as cales se

encontra recoñecida e de que estes non proceden de subvencións públicas.

7. En caso de que os fondos operativos se vaian financiar, total ou parcialmente, mediante contribucións dos socios, o método de cálculo destas.

8. No caso de que se faga uso do disposto na letra b) do primeiro parágrafo do segundo punto do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, a información necesaria que xustifica as contribucións individuais de socios a niveis diferentes.

9. Se se inclúen no programa investimentos ou accións en explotacións individuais de socios deberase achegar:

a) Nome, razón social e DNI ou NIF de cada un dos beneficiarios así como localización xeográfica dos investimentos que se vaian realizar. Esta localización realízase utilizando o sistema SIXPAC ou, no seu defecto, mediante referencia catastral.

b) Certificado do acordo adoptado pola asemblea xeral, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, para obter de todo socio da organización en cuxa explotación se realicen investimentos con cargo ao programa operativo o reembolso destes investimentos, ou o seu valor residual, en caso de que cause baixa na organización.

O valor residual deberase fixar en función do período de amortización do investimento, cun máximo de oito anos, e da diferenza entre o devandito período e o comprendido entre a data de adquisición do ben ou investimento en cuestión e a data de baixa do socio da organización.

c) Xustificación de que todos os produtores tiveron a oportunidade de se beneficiar da aplicación do fondo operativo. Para este efecto requírirase copia compulsada da acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que se debe reflectir que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

10. De ser o caso, certificación do secretario da organización de produtores pola cal se achega o acordo da asemblea xeral, ou órgano equivalente da organización de produtores en función da súa personalidade xurídica, polo cal se delega a competencia na presentación de solicitudes de modificación do programa operativo, prevista nos artigos 17 e 18 deste real decreto, nunha determinada instancia da organización de produtores.

11. Se se inclúen no proxecto de programa os gastos específicos de produción experimental, un protocolo coa experimentación que se vai realizar.

12. Se se inclúe no proxecto de programa a adquisición de equipamentos de segunda man:

a) A documentación que xustifique que os devanditos equipamentos posúen as características técnicas requiridas para a operación, que cumpren as normas aplicables, e que non superan o valor de mercado.

b) Unha declaración do vendedor do equipo sobre a súa orixe, confirmando que non se comprou con subvencións nacionais, ou comunitarias, durante os sete últimos anos.

c) Un certificado emitido por un taxador Colexiado que confirme o prezo de compra.

13. Se se inclúe no proxecto de programa a adquisición de terreos non edificadas, o certificado dun taxador independente e Colexiado, que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.

14. Se se inclúe no proxecto de programa arrendamento financeiro, o orzamento da adquisición do ben co seu valor de mercado.

15. Se se inclúe no proxecto de programa a adquisición de bens inmobles:

a) Certificado, realizado por un taxador Colexiado, que estableza o prezo de compra, e que o devandito prezo non excede o valor de mercado.

b) Certificado do vendedor de que durante os dez últimos anos non recibiu ningunha subvención, nacional ou comunitaria.

c) Compromiso de utilizar o local, polo menos durante cinco anos, para o uso que se previu.

16. Se se inclúe no proxecto de programa a substitución de investimentos, un documento que xustifique o valor residual do investimento que se substitúe.

ANEXO V

Documentación que hai que achegar xunto coas solicitudes de modificación dos programas operativos

A. En todos os casos

1. Certificado en que conste que as modificacións solicitadas sobre o programa operativo foron aprobadas polo órgano competente segundo a súa personalidade xurídica ou instancia en que delegase.

2. Ir acompañadas dos xustificantes en que se expoñan os motivos, natureza e consecuencia das modificacións solicitadas.

3. Nas modificacións previstas na letra d) do punto 2 do artigo 17 e nas previstas na letra d) do punto 1 do artigo 18:

a) Compromiso escrito dos novos beneficiarios de non se acolleren, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo,

b) Identificación mediante o sistema SIXPAC, ou no seu defecto mediante referencia catastral, das parcelas en que se realizarán os investimentos, xunto coa razón social e o NIF dos novos beneficiarios.

c) En caso de que corresponda a unha modificación durante o ano en curso, unha acta emitida pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se vaia realizar o investimento ou, no seu defecto, unha acta notarial en que se faga constar que o investimento que se vai realizar non se iniciou na parcela correspondente á nova localización.

4. Cando se modifique a forma de financiamento dos fondos operativos, documento en que figure:

a) As disposicións adoptadas para o seu financiamento, incluíndo a procedencia dos recursos con que se vai financiar.

b) No caso de que se aprobase a utilización dos propios recursos da organización para o financiamento do fondo operativo, o compromiso de que procederán, exclusivamente, das vendas de froitas e hortalizas procedentes dos socios para as cales que se encontra recoñecida, e de que todos os socios contribuirán ao financiamento dos devanditos fondos.

c) No caso de que o fondo operativo se vaia financiar, total ou parcialmente, mediante contribucións dos socios, o método de cálculo destas.

d) Se o financiamento dos correspondentes fondos operativos se acolle ao disposto nas letras a) ou b) do

primeiro parágrafo do segundo punto do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, a xustificación de que:

Todos os produtores realizarán unha contribución ao fondo operativo. Esta xustificación non será necesaria se o fondo operativo, en virtude da letra a) do primeiro parágrafo do primeiro punto do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1433/2003, se nutre total ou parcialmente cos propios fondos da organización de produtores.

Todos os produtores tiveron a oportunidade de se beneficiar da aplicación do fondo operativo. Para este efecto, requirírase certificado da acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que se debe reflectir que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

Todos os produtores tiveron a oportunidade de participar democraticamente nas decisións relacionadas coa utilización dos fondos da organización de produtores e coas contribucións financeiras aos fondos operativos. Para este efecto, entenderase que se lle dá cumprimento a este precepto cando se achegue convocatoria da asemblea xeral da organización de produtores, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que figure como punto específico a discusión e aprobación do programa operativo.

5. Cando se modifique a forma de xestión dos fondos operativos e se escolha a opción contida na letra a) do punto 1 do artigo 8 deste real decreto, deberase achegar o certificado da entidade financeira depositaria da conta bancaria para o movemento exclusivo do fondo, con indicación da súa sucursal, o número de conta e a denominación desta: «Fondo operativo da organización de produtores... (denominación da organización)».

6. De ser o caso, certificación do secretario da organización de produtores pola cal se achega acordo da asemblea xeral, ou órgano equivalente da organización de produtores en función da súa personalidade xurídica, polo cal se delega a competencia na presentación de solicitudes de modificación do programa operativo, previstas nos artigos 17 e 18 deste real decreto, nunha determinada instancia da organización de produtores.

B. *Relativas a anualidades non comezadas*

En caso de que se introduzan como acción nova investimentos en explotacións individuais de membros ou se se incrementa o número de explotacións individuais de socios nas cales se vaian realizar investimentos encadrados no programa operativo:

a) Certificado en que figure o acordo adoptado pola asemblea xeral, ou órgano equivalente, para obter o reembolso destes investimentos, ou o seu valor residual, en caso de que o/os socios cause/n baixa na organización.

O devandito valor residual deberase fixar en función do período de amortización do investimento, cun máximo de oito anos, e da diferenza entre o devandito período e o comprendido entre a data de adquisición do ben ou investimento en cuestión e a data de baixa do socio da organización.

b) Compromiso escrito de cada membro beneficiario de investimentos en explotacións individuais, de non se acoller, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo.

c) Xustificación de que todos os produtores tiveron a oportunidade de se beneficiar da aplicación do fondo

operativo. Para este efecto requirírase copia compulsada da acta da asemblea xeral da organización de produtores, ou do órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que se debe reflectir que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

C. *Relativas á anualidade en curso*

Se se incrementa o número de explotacións individuais de socios en que se vaian realizar investimentos encadrados no programa operativo:

a) Compromiso escrito de cada novo beneficiario de non se acoller, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo.

b) Identificación, mediante o sistema SIXPAC ou, no seu defecto, mediante referencia catastral, das parcelas en que se realizarán os investimentos, xunto coa razón social e o NIF dos novos beneficiarios.

c) Unha acta emitida pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se vaia realizar o investimento ou, no seu defecto, unha acta notarial en que se faga constar que o investimento que se vai realizar non se iniciou na parcela correspondente á nova localización.

ANEXO VI

Estrutura a que se deben axustar os proxectos de programas operativos parciais

1. *Identificación da entidade solicitante*

- a) Razón social:
- b) Domicilio social:
- c) Teléfono:
- d) Fax:
- e) Correo electrónico:
- f) CIF:
- g) Persoa de contacto e teléfono:
- h) Tipo de organización de produtores da entidade a que pertence o proxecto de programa:

Autonómica.

Ámbito superior a unha comunidade autónoma. Comunidades autónomas en que posúe efectivos produtivos:

Transnacional. Estados membros en que posúe efectivos:

i) Número de rexistro e data de recoñecemento:

j) Número de organizacións de produtores asociadas no momento de presentación do programa operativo parcial e identificación destas por número de rexistro e razón social.

2. *Descrición da situación partida da entidade*

a) Funcións que realizaron nos tres últimos anos.

b) Medios humanos e materiais de que dispón, especificando, de ser o caso, se recorre á contratación de servizos con terceiros, que deberán ser, ademais, para a realización da súas funcións.

c) Perspectivas de actuación para os anos de duración do programa operativo parcial.

3. Duración e obxectivos perseguidos polo proxecto de programa operativo

Deberanse especificar detalladamente os obxectivos que se van perseguir tendo especialmente en conta o disposto na letra a) do punto 4 do artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

4. Medidas desagregadas por accións e accións desagregadas en investimentos e conceptos de gasto que se van realizar para alcanzar os obxectivos fixados

a) Para cada acción, investimento e concepto de gasto previstos, deberán presentar:

Descrición detallada destes.

Comunidade autónoma onde se vai levar a cabo.

Obxectivos da súa realización de entre os enumerados no punto 4 do Regulamento (CE) n.º 2200/96.

Medios humanos e materiais necesarios para a súa realización.

Orzamento detallado por unidades de obra.

Xustificación da necesidade da súa realización.

b) Anexo que conteña a localización dos investimentos ou realización de gastos desagregados por comunidades autónomas.

5. Aspectos financeiros

a) Calendario de realización das medidas, accións, investimentos e conceptos de gasto, por anos.

b) Calendario de financiamento das medidas, accións, investimentos e conceptos de gasto, por anos.

ANEXO VII

Documentación que se lles debe xuntar aos proxectos de programas operativos parciais

a) Compromiso da asociación de organizacións de produtores de cumprir as disposicións dos regulamentos (CE) 2200/96 e 1433/03.

b) Certificación emitida polo secretario da asociación de que os membros da asociación de organizacións de produtores que non teñan a condición de organización de produtores en virtude do Regulamento (CE) n.º 2200/96 non participaron na toma de decisións que afecten o programa operativo parcial nin se benefician directamente de disposicións financiadas pola comunidade.

c) Certificación emitida polo secretario da asociación que acredite o cumprimento do disposto na letra b) do punto 1 do artigo 21 deste real decreto.

d) Compromiso da asociación de organizacións de produtores de non se acoller, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, comunitario ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo parcial.

e) Para a primeira anualidade do programa operativo parcial, a documentación que figura no punto 1 do artigo 23 deste real decreto.

f) Unha certificación emitida polo secretario da asociación de organizacións de produtores que acredite que o programa operativo parcial foi aprobado pola asemblea ou órgano equivalente da asociación, en función da súa personalidade xurídica. Na devandita certificación deberán figurar as liñas directrices do proxecto de programa operativo parcial, especificando medidas e accións que se vaian desenvolver.

g) Certificado da entidade financeira depositaria da conta bancaria para o movemento exclusivo do fondo, con indicación da súa sucursal, o número de conta e a denominación desta: «Programa operativo parcial da asociación de organizacións de produtores... (denominación da asociación)».

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

1916 REAL DECRETO 65/2006, do 30 de xaneiro, polo que se establecen requisitos para a importación e exportación de mostras biolóxicas. («BOE» 32, do 7-2-2006.)

O control fronteirizo de calquera substancia con implicacións sobre a saúde pública veu sendo unha constante no noso ordenamento xurídico e, desde a aprobación da Constitución española en 1978, é unha competencia atribuída en exclusiva ao Estado, recollida no artigo 149.1.16.^a Desde entón, e coa finalidade de evitar calquera risco sanitario, contrólanse os alimentos, os medicamentos e as materias primas para a súa fabricación, así como as mostras de calquera tipo. Estes controis realízanse a través da estrutura periférica da Administración xeral de Estado baixo as directrices do Ministerio de Sanidade e Consumo, e establecéronse as diferenzas necesarias en canto ao tipo de produtos e ás unidades administrativas especializadas en levalos a cabo.

A variedade dos produtos obxecto de importación e exportación aconsella establecer normas en canto á documentación sanitaria e aos demais documentos exhibibles aos importadores e exportadores, que ao mesmo tempo permitan un despacho rápido dos produtos que poidan alterarse. Por iso, este real decreto especifica as condicións para a importación e exportación de mostras de substancias biolóxicas e establece un sistema de rexistro voluntario que permite a súa importación e exportación continua, o que resulta imprescindible nestes momentos polo incremento constante da importación e a exportación de mostras con finalidade diagnóstica, analítica ou de investigación.

No establecemento do rexistro de importadores e exportadores tívose presente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no que se refire ás mostras de persoas físicas que deban aparecer identificadas polos seus datos persoais, e así mesmo mantivéronse as cautelas da devandita lei no tratamento informático e os dereitos que reconece sobre acceso, rectificación e cancelación dos datos.

Este real decreto, que establece os requisitos para a importación e exportación de mostras biolóxicas, dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e de acordo co establecido na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, e no artigo 38 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xaneiro de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1. Obxecto.

Este real decreto establece os requisitos para a importación e exportación de mostras biolóxicas para o diagnóstico ou a investigación en seres humanos e crea un rexistro voluntario de importadores e exportadores deste tipo de mostras.